


CIRCULAR

ENTROIDO

Ola a todos e todas! Como xa sabedes, acércase a celebración do Entroido, que terá lugar ao longo da vindeira semana e culminará o venres 9 cun gran desfile de disfraces.

De luns a venres poñeremos en marcha, coma todos os anos, os mandados do meco:



O venres disfrazarémonos nas clases co tema AVES. Se vai bo tempo sairemos desfilando sobre as 11:00 h da mañá da escola e baixaremos andando por diante da escola e por diante da Casa da Cultura ata chegar á Porta do Sol. Dende alí volveremos para facer unha parada na Casa da Cultura onde poder cantar e bailar as cancións das nosas comparsas. **Se chove, en vez de desfilarmos pola rúa quedaremos na escola e o desfile farase no ximnasio. Por suposto, estades convidados/as a ver o desfile, sexa dentro ou no exterior.**

Como xa é tradición tamén, pedímosvos que colaboredes con nós na celebración do Entroido enviando ese mesmo venres pola mañá **sobremesas de Entroido** á escola (orellas, freixós, roscas...) que xuntaremos con outras sobremesas que servirán a ANPA e o persoal de comedor no patio da escola unha vez rematado o desfile. **AGRADECEMOS** á ANPA a colaboración no reparto de doces de Entroido para toda a comunidade educativa.